

AUGA, DEREITO UNIVERSAL?

Con esta actividade traballamos

Mellora de comprensión de conceptos a través da realización de relacións entre eles.

Os ODS 1, 3 e 6.

Durará

Unha sesión

Ciclos 1, 2, 3

Consideracións previas

A auga potable é un elemento esencial na nosa vida, pero, a pesar de ser un dereito universal, millóns de persoas no mundo non teñen acceso a ela. Nesta actividade trabállase a relación de causa-efecto entre a auga e unha serie de elementos que teñen que ver co día a día e os dereitos das persoas. Queremos centralo, especialmente, no da saúde.

Como paso previo, para axudar especialmente nos cursos inferiores, propoñemos o visionamento do seguinte [vídeo](#).

Desenvolvemento

Dividir á clase en cinco grupos. Proxectar o vídeo. A continuación, escribir no encerado ou proxectar o cadro. Preguntar se hai algún concepto que non se entenda para explicalo.

Pedir aos nenos e as nenas que, nos seus grupos, busquen consecuencias, tanto en positivo como en negativo, ás situacións que se lles presentan, pero sempre deben xustificar adecuadamente o que poñan.

Deixar un tempo para que os grupos traballen. Despois, para que todos os grupos poidan participar na posta en común, cada un deles fai visible unha das situacións e explica as consecuencias que expuxeron no grupo. Se cando terminaron, algún grupo expuxo outras consecuencias, coméntaas. Unha vez completada toda a rolda, reflexionar sobre o sentido da actividade a través de preguntas como:

- Resultouvos fácil sacar as conexións entre as situacións e as súas consecuencias?
- Que nos chamou máis a atención? Por que?
- Erades conscientes das relacións causa-efecto que se dan coa auga?
- Erades conscientes da importancia que pode ter a auga nas nosas vidas?

Cadro para a reflexión

Centrámonos nos fogares que non teñen auga.

Que nos pasaría se...?

Situación	Consecuencias
Non temos auga potable para beber e cociñar ...	
Non temos auga para lavar e asearnos ...	
Non chove o suficiente ...	
A auga potable está a uns quilómetros de distancia ...	
O río á beira da nosa vivenda está contaminado ...	

Como axudas á reflexión na procura das consecuencias, temos estes elementos.

- A. Enfermidades
- B. Infeccións
- C. Limpeza e desinfección
- D. Produción agrícola e gandeira
- E. Perda de horas de escola